



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/11/2008.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O lavadoiro do Campo de Pedrouzo está situado na parroquia de Bértola. Actualmente este lavadoiro é unha obsoleta instalación que conta con unha cuberta de estrutura metálica que presenta un estado deplorable.

É necesario unha remodelación en profundidade consistente no cambio da actual cuberta e dos piares metálicos por uns máis acordes co entorno e utilizando, preferentemente, materiais tradicionais, como madeira ou tella e granito, respectivamente.

Ao mesmo tempo, a ubicación do lavadoiro, por estar próxima a estrada supón un perigo tanto para os peóns como para os transportes, polo cal tamén sería necesario a construción dun valado de protección.

O concello de Vilaboa debería dar exemplo á hora de eliminar o feísmo urbanístico, e adecuar as súas instalacións á Lei do Solo de Galiza e de mellora do Medio Rural, e levar a cabo un mantemento e conservación dun ben público.

Por todo isto **SOLICITA:**

Primeiro. O Concello de Vilaboa acondicionará as instalacións do lavadoiro do Pedrouzo utilizando materiais tradicionais e acordes co entorno.

Segundo. O Concello de Vilaboa construírá un valado de protección no lateral da pista empregando na medida do posible materiais tradicionais das construcións rurais de sempre.

Vilaboa, 21 de novembro de 2008.
Tomás Boullosa Moure

AO SR ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA